

celga 4

UNIDADE
7

tecnoloxía



Tarefa final: redacción dun artigo de opinión sobre novas tecnoloxías

obxectivos

Adquirir léxico sobre novas tecnoloxías

Argumentar

Recoller información sobre temas descoñecidos

Comparar datos

Redactar textos extensos coa axuda do dicionario

Intervir en debates

Escribir instrucións

1.

Vas ver un vídeo que fala dunha iniciativa para dotar unha vila de Galicia de conexión á rede. Escoita con atención e prepárate para contestar as seguintes preguntas coa túa parella, razoando as respostas:

- Pareceche unha iniciativa útil?
- Tedes Internet na casa?
- En caso de que si, para que o usades? Mencione as catro actividades principais que realizades en liña.
- En caso negativo, especificade as razóns.
- Pensades que o acceso a Internet por banda ancha debería ser un servizo básico, como o teléfono?
- Que foi o que máis che chamou a atención do vídeo?

2. Hai toda unha serie de palabras relacionadas cos ordenadores, as novas tecnoloxías e os novos medios de comunicación que están tomadas directamente do inglés e que se usan en galego sen adaptación ningunha. A continuación, tes unha lista con algunhas delas. Coa túa parella, intenta dar unha definición axeitada en galego e, se pensas que é posible, propoñede unha alternativa. No caso de non saber o que significa algunha delas, busca a súa definición na rede ou nos materiais complementarios que che proporcionará o profesor.

- Blogue
- Hardware
- Software
- Chatroom
- Interface
- Internet
- Password
- Chip
- Spam
- E-mail
- Chat
- Mouse
- Screensaver
- Post
- Feed RSS

3. Un dos xeitos máis doados de colocar información na rede é en forma de blogue. Coa túa parella, bota unha ollada pola rede ou repara nos textos que vos proporciona o voso profesor para saber cales son os blogues máis interesantes en galego. Elixide os dous que máis vos gusten.

4. Agora debedes preparar un texto explicando as razóns das vosas preferencias. En caso de que na clase teñades acceso a un ordenador, escribídeo nel, para que despois se poida reutilizar. O texto debe ter unha extensión de, polo menos, 600 palabras, 80 liñas, descontando as citas que fagades dos blogues. Se non hai acceso á rede na clase, facédeo nun papel e entregádello ao profesor.

Agora imos revisar o significado destas palabras con toda a clase.

5. O profesor vai recibir todos os textos e compilalos nun só. Lede o que teñen que dicir os vósos compañeiros sobre os seus blogues favoritos.

Coincidides? Mellor, porque hai que eliminar a metade deles. Para iso, imos facer un debate entre toda a clase. Prepara os teus argumentos tanto para defender os teus preferidos coma para quitar os que non che gustan. Ollo, é un debate, non unha discusión sen orde. O profesor moderará e teredes tempo de expoñer a vosa opinión ou de presentar os exemplos necesarios.

6. Xa temos unha listaxe dos blogues preferidos da clase. Agora só nos queda saber que temos que facer para nos subscribir a toda a información que xeran cada día. Xa sabes que os *feeds RSS* se poden recibir de moitos xeitos e en moitos formatos. Prepara unhas instrucións claras e detalladas de como facelo para alguén que non teña demasiada idea de tecnoloxía, pero que teña interese nos temas dos que se fala nos blogues.

Agora imos revisar o significado destas palabras con toda a clase.

7. Despois de ver esta utilidade das novas tecnoloxías, que permite acceder a moita información de xeitos diversos e inmediatos, imos escoitar dúas veces unha entrevista a Ana Belén Porto, especialista en intelixencia artificial, no número 52 do programa *Efervesciencia*, da Radio Galega. Debes tomar apuntamentos das explicacións máis relevantes sobre o funcionamento da intelixencia artificial, as súas bases teóricas e as implicacións que ten para o futuro da ciencia e da tecnoloxía.

- Nun momento do programa, pregúntaselle ao público que pensa da intelixencia artificial. Algunha xente relaciónaa con ordenadores rebeldes, máquinas asasinas ou *terminators* que poden ser unha ameaza.

- Noutros momentos, fálase da intelixencia artificial como unha boa ferramenta para entender a intelixencia humana.

Que pensas ti? Escribe un artigo de opinión no que detalles o teu parecer e dá, ademais, unha pequena introdución teórica sobre o que é a intelixencia artificial, se a podemos atopar nalgún ordenador ou programa dos que existen hoxe e ten en conta as contribucións que Ana Belén Porto fai sobre as súas posibles utilidades. Debe ter unha extensión dunhas 600 palabras.

**Guía para o profesor**

1. Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades dos estudantes.
2. O fragmento de audio da entrevista a Ana Belén Porto dura uns vinte minutos. Recomendamos que as dúas escoitas non sexan inmediatamente sucesivas.

3. Para a actividade 3, no caso de non ter acceso á rede na clase, o profesor pode preparar unha folla de traballo con base nas fontes seguintes:

- definición de blogue: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Blog>
- para unha listaxe dos blogues máis interesantes en galego: <http://blogaliza.org/index.php?val=blogomillo>, que mesmo se pode imprimir con criterios xeográficos: <http://mapa.blogaliza.org/>
- No caso de ter acceso á rede na clase, recomendamos que os textos das actividades 4 a 6 se realicen utilizando algunha das ferramentas gratuítas da rede, de xeito que os estudantes poidan publicalos (Blogger, Google Docs ou Blogaliza poden ser algunhas das ferramentas).
- No caso de non ter acceso á rede, o profesor deberá prover os estudantes de ferramentas de referencia adecuadas. Recomendamos a impresión das definicións dos termos da actividade 2 de gl.wikipedia.org, por exemplo.
- Para a actividade 6, pódese extraer información das seguintes fontes:
<http://gl.wikipedia.org/wiki/RSS>
<http://www.xunta.es/rss>

No caso de ter acceso a Internet na clase, o profesor pode dirixir os alumnos a estes enderezos. En caso contrario, pode preparar unha folla de traballo cos datos que considere relevantes.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?